



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 23 DE FEBREIRO DO 2023.**

**Sesión 03/2023-P**

<p style="text-align: center;"><b><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></b></p> <p style="text-align: center;"><b><u>PRESIDENTE</u></b></p> <p>D<sup>a</sup> María Nogareda Marzoa (non adscrita)</p> <p style="text-align: center;"><b><u>CONCELLEIROS</u></b></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández (SM) D<sup>a</sup> María Pilar Taibo Fernández (SM) D. Xosé Fernando Fariña Andrade (SM) D<sup>a</sup> Rebeca Mouriño Neira (SM) D<sup>a</sup> Ana Paola Mondaca González (SM) D. María Luísa Rúa Prieto (SM) D<sup>a</sup> María Soraya Salorio Porral (non adscrita) D<sup>a</sup> María José García Freire (non adscrita) D. José Luis Tellado Villares (non adscrito) D. José Luis García Pazos (non adscrito) D. Sergio García López (PP) D<sup>a</sup> María Pardo Fafián (PSOE) D. Ramiro Blanco Montero (PSOE) D<sup>a</sup> Laura Rodríguez Pena (BNG) D<sup>a</sup> Sara Arrojo Dueñas (BNG) D. Breogán Blanco González (non adscrito)</p> <p style="text-align: center;"><b><u>SECRETARIA</u></b></p> <p>D<sup>a</sup> María del Carmen Seoane Bouzas</p> <p style="text-align: center;"><b><u>INTERVENTOR</u></b></p> <p>D. Jaime Pesas Beneyto</p>	<p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 22.05 horas do día xoves 23 de febreiro do 2023, baixo a presidencia da sra. alcaldesa D<sup>a</sup> María Nogareda Marzoa, asistida pola secretaria da Corporación D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen-se os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión extraordinaria, por así telo solicitado un grupo de sete concelleiros (6 SM e 1 BNG) o 03 de febreiro do 2023, prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte orde do día.</p>
---	--

**ORDE DO DÍA:**

Abre a sesión a Presidenta, dando a benvida a todos e a todas a este Pleno ordinario do mes de febreiro do 2023 do Concello de Sada.

**1º.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ESCRITOS DA PRESIDENCIA DE ALTERNATIVA DOS VECIÑOS DE DATAS 07/11/2022, 17/11/2022 E 24/11/2022, DE EXPULSIÓN DE D<sup>a</sup> MARÍA NOGAREDA MARZOA E D. BREOGÁN BLANCO GONZÁLEZ, ASÍ COMO DOS ESCRITOS DE 23/01/2023 DO PSDEG-PSOE ADXUNTANDO (ACHEGANDO) RESOLUCIÓN DE EXPULSIÓN DE D<sup>a</sup> MARÍA PARDO FAFIÁN E D. RAMIRO BLANCO MONTERO, AOS EFECTOS DO PREVISTO NO ART. 73.3 LEI 7/1985, DE BASES DE RÉXIME LOCAL.**



Consta no expediente a solicitude do grupo de concelleiros que instaron a sesión, do pasado 03 de febreiro, coa seguinte proposta de acordo:

«1. O Pleno da Corporación toma de coñecemento dos escritos da presidencia de Alternativa dos Veciños de datas 07/11/2022, 17/11/2022 e 24/11/2022, de expulsión de D<sup>a</sup> María Nogareda Marzoa e D. Breogán Blanco González, así como dos escritos do PSdeG-PSOE de 23/01/2023 adxuntando resolucións de expulsión definitiva de D<sup>a</sup> María Pardo Fafián e D. Ramiro Blanco Montero.  
2. De conformidade co previsto no art. 73.3 da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local, as/os ditas/os concelleiras/os pasan á condición de non adscritas/os».

A presidenta, sra. Nogareda Marzoa (na), indica en canto á toma de coñecemento que os escritos xa están no expediente da sesión; no que atinxe á situación do sr. Blanco González (na) e á súa propia, que xa se deu conta do seu abandono do grupo municipal da alternativa dos veciños na anterior sesión plenaria ordinaria; para o caso dos membros do grupo municipal socialista, que non se garante ata o de agora coa documentación aportada que se teñan observado os requisitos das formalidades extrínsecas para a expulsión, dando ademais lectura a un escrito presentado hoxe polos concelleiros sra. Pardo Fafián e sr. Blanco Montero, do dito grupo, no que manifestan que non lles remitiron dende a súa formación política escrito de expulsión ningún que resolverse un procedemento para a imposición de sancións contradictorio conforme á Lei Orgánica 6/2002, do 27 de xuño, de partidos políticos e os estatutos, polo que a presidenta, sra. Nogareda Marzoa, manifesta que non pasan polo de agora á condición de non adscritos.

Logo de se ter aberto o debate, interveñen nel o sr. Portela Fernández (SM), a sra. Rodríguez Pena (BNG), a sra. Pardo Fafián (PSOE), o sr. García López (PP) e a sra. Salorio Porral (na), ademais da presidenta, sra. Nogareda Marzoa (na), expoñendo cada un deles as distintas posicións para os efectos, reflectíndose discrepancias en canto a non tomar conta do pase á situación de non adscritos dos concelleiros do grupo municipal socialista.

Finalmente, non se vota a proposta.

## 2º.- SUPRESIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS SOCIALISTA E ALTERNATIVA DOS VECIÑOS.

Consta no expediente a solicitude do grupo de concelleiros que instaron a sesión, do pasado 03 de febreiro, coa seguinte proposta de acordo:

«1. O Pleno da Corporación acorda a disolución dos grupos municipais Socialista e Alternativa dos Veciños.  
2. Os dereitos económicos e políticos das concelleiras/os non adscritos son os que lle outorga o art. 73.3 da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local e o art. 26 do Regulamento Orgánico Municipal (ROM)».

A presidenta, sra. Nogareda Marzoa (na), dá conta de que hai incorporado un informe xurídico de Secretaría, do que dá lectura dalgúns fragmentos, concluíndo en que non procede someter a votación este asunto por incompetencia plenaria na materia, con independencia de que se debata o punto ou de ser o caso de que se someta a votación se teñan en conta as consideracións xurídicas do dito informe.

Logo de se ter aberto o debate, interveñen nel a sra. Rodríguez Pena (BNG), o sr. Portela Fernández (SM), a sra. Pardo Fafián (PSOE) e a sra. García Freire (na), ademais da presidenta, sra. Nogareda Marzoa (na), expoñendo cada un deles as distintas posicións da disolución ou non dos grupos do partido popular, socialista e da alternativa dos veciños, así como dos efectos económicos a que dá lugar o pase á situación de non adscritos.

O sr. Portela pide que conste en acta que “desde os acordos de expulsión son non adscritos con todo o que conleva segundo o art. 73.3 da LBRL, co que conleva. xa digo, tanto no cese nos cargos como no cese nas retribucións que veñen percibindo”.

Logo do debate, a presidenta, sra. Nogareda Marzoa (na), conclúe con base no informe xurídico citado que cômpre non someter a votación o asunto.

Finalmente, non se vota a proposta.



**3º.- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POLA CONCELLEIRA LAURA RODRIGUEZ PENA (BNG) CONTRA DOS ACORDOS DO PLENO DA CORPORACIÓN DE 29/12/2022 SOBRE RECOÑECIMENTO DE COMPATIBILIDADE Á CONCELLEIRA DELEGADA Dª MARÍA PARDO FAFIÁN PARA O EXERCICIO DO SEU CARGO MUNICIPAL EN RÉXIME DE DEDICACIÓN PARCIAL CON ACTIVIDADES PÚBLICAS, E SOBRE MODIFICACIÓN DO RÉXIME DA RETRIBUCIÓN DA CONCELLARÍA DELEGADA DE FACENDA, CONTRATACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ.**

Consta no expediente a solicitude do grupo de concelleiros que instaron a sesión, do pasado 03 de febreiro, coa seguinte proposta de acordo:

*«O Pleno da Corporación estima o recurso de reposición presentado o 28/01/2023 pola concelleira Dª Laura Rodriguez Pena (BNG) contra dos contra dos acordos do Pleno da Corporación de 29/12/2022 sobre recoñecemento de compatibilidade á concelleira delegada Dª María Pardo Fafián para o exercicio do seu cargo municipal en réxime de dedicación parcial con actividades públicas, e sobre modificación do réxime da retribución da concellaría delegada de Facenda, contratación e seguridade cidadá; acordos que quedan sen efecto, cos efectos económicos e administrativos derivados de tal anulación».*

Abre o debate a sra. Rodríguez Pena (BNG), explicando os motivos da presentación do seu recurso de reposición en contra dos acordos do Pleno da Corporación do 29 de decembro do 2022, relativos ao recoñecemento de compatibilidade á concelleira delegada Dª María Pardo Fafián para o exercicio do seu cargo municipal en réxime de dedicación parcial con actividades públicas, e á modificación do réxime da retribución da concellaría delegada de Facenda, Contratación e Seguridade Cidadá. Conclúe a súa intervención solicitando a estimación do recurso.

Interveñen no debate o sr. Portela Fernández (SM), efectuando aclaracións o interventor e a secretaria; a sra. Pardo Fafián (PSOE), quen se defende e mesmo remata pedindo rectificacións aos medios de comunicación; o sr. Fariña Andrade (SM), quen chama sinvergoña á sra. Pardo; o sr. García López (PP) e a sra. García Freire (na), ademais da presidenta, sra. Nogareda Marzoa (na) e da sra. Rodríguez Pena (BNG), quen atopa discrepancias nos informes dos habilitados.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (6 SM e 2 BNG).
- Votos en contra: 9 (2 PSOE, 1 PP e 6 non adscritos).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando desestimado por maioría absoluta a adopción do seguinte acordo:

O Pleno da Corporación estima o recurso de reposición presentado o 28/01/2023 pola concelleira Dª Laura Rodriguez Pena (BNG) contra dos contra dos acordos do Pleno da Corporación de 29/12/2022 sobre recoñecemento de compatibilidade á concelleira delegada Dª María Pardo Fafián para o exercicio do seu cargo municipal en réxime de dedicación parcial con actividades públicas, e sobre modificación do réxime da retribución da concellaría delegada de Facenda, contratación e seguridade cidadá; acordos que quedan sen efecto, cos efectos económicos e administrativos derivados de tal anulación.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 23 horas e 17 minutos do día xoves 23 de febreiro do 2023, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado da alcaldesa María Nogareda Marzoa, que leva unido o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

[https://sede.sada.gal/gl/portal\\_transparencia/Relevancia\\_Juridica/Normativa/Normativa.html](https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html).